



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO PARA O DÍA MARTES 2 DE ABRIL DE 2024

**EXPEDIENTE:** 2024/G010/000007

### ANTECEDENTES

**PRIMEIRO.** O concello de Betanzos ten diversos asuntos que tratar en sesión do Pleno tendo en conta os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable vén establecida por:

- Os artigos 21.1.c), 21.3 e 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 77 a 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Os artigos 15 a 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
- O regulamento orgánico municipal do Concello de Betanzos Publicación definitiva 07-12-2017 BOP Nº 232

### CONSIDERACIÓNS

**PRIMEIRA.** De conformidade cos artigos 21.1.c) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e 80.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, corresponde ao Alcalde ou Presidente convocar todas as sesións do Pleno.

**SEGUNDA.** É necesario sinalar que, de conformidade co artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, as sesións deberán convocarse, polo menos, con dous días hábiles de antelación á data da súa celebración.

A orde do día defínese como a relación detallada dos asuntos a tratar durante as sesións. Devanditos asuntos deben ser previamente ditaminados, informados ou sometidos a consulta da Comisión Informativa que corresponda. Así mesmo, na orde do día dunha sesión ordinaria deberá incluírse os borradores das Actas das sesións anteriores que deban ser aprobados.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 44 do Regulamento orgánico municipal **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Convocar sesión Extraordinaria do **PLENO** para:

**Día:** martes 2 de abril de 2024

**Hora:** 20:30

**Lugar:** Salón de plenos da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**  
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)  
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>  
e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

1. Orzamentos 2024

2. Expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito REC Pleno 1/2024

**SEGUNDO.** Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e no portal de transparencia [sede.betanzos.gal](http://sede.betanzos.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**TERCEIRO.** Notificar a presente resolución a todas as persoas membros do Pleno poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día na Secretaría municipal de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.

Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.

O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

**CUARTO.** Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

O que resolvo e asino, ante min, o secretario da Corporación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

O Secretario

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).